

Francisco Rodríguez avanza o proxecto socialista para o Barrio da Ponte co respaldo de María José Caride

A Conselleira de Política Territorial falou da situación no presente e para o futuro das infraestructuras en Ourense

A Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, María José Caride, falou o pasado 14 de febreiro sobre “As infraestructuras no futuro de Ourense” no barrio de A Ponte. O acto estivo presentado e moderado polo candidato socialista a Alcaldía de Ourense, Francisco Rodríguez, quen lembrou que “A Ponte é un dos barrios máis importantes da nosa cidade e conta cunha importante historia vinculada ó ferrocarril. A chegada do AVE a A Ponte, dinamizará económica e socialmente un dos nosos barrios”.

María José Caride explicou que a súa consellería está neste momento “a executar o **treito da autoestrada Santiago-Ourense**, comprendido entre Dozón e a Cidade das Burgas, que ten previsto un orzamento de 97,8 millóns de euros”.

Durante a charla, dirixida ós veciños de Ourense, a Conselleira de Política Territorial destacou o esforzo que dende o seu departamento se esta a facer co obxectivo de completar o cinto de circunvalación de Ourense. Neste ano está previsto iniciar o **treito Rairo-Bemposta**, cun orzamento previsto de 2,8 M. de € “quedaría un para completar o cinto de circunvalación de Ourense e que permitirá canalizar o tráfico procedente da Autovía das Rías Baixas A-52 e da N-525 por fóra do casco urbano, o que mellorará as condicións de seguridade viaria dos usuarios, aminorará os tempos de conexión e desconexionará o centro da cidade de tráfico pesados de tránsito” asegurou a María José



Francisco Rodríguez e María José Caride durante a charla cos veciños da Ponte

Caride. Deste xeito quedaría pendente o tramo Bemposta-N-525, en fase de redacción neste momento.

A Conselleira de Política Territorial traballa noutras actuacións na provincia entre as que se atopan o acondicionamento da estrada que une Ourense co Parque Tecnolóxico Ou101.

María José Caride aproveitou a visita ó barrio de A Ponte para falar das obras do Tren de Alta Velocidade, que executa neste momento o Ministerio de Fomento. Trátase da infraestructura máis importante que se

presenta para a cidade “posto que a chegada do AVE a Galicia terá a Ourense como porta de entrada e contribuirá decisivamente a incrementar as posibilidades de desenvolvemento da cidade” engadiu María José Caride, quen na súa opinión “cómpre coidar a localización da estación do AVE en Ourense, que debe ter como característica principal a súa centralidade e intermodalidade”. **A chegada do AVE a Ourense será unha realidade en cinco ou seis anos, Ourense será a Estación Central de Galicia e a Estación Empalme e o Barrio da Ponte, albergarán este gran proxecto de futuro para tódolos cidadáns.**



BARRIO A BARRIO

Avance do Programa Socialista para o Barrio de A Ponte

O proxecto inclúe a creación dunha Escola Infantil Municipal e Ludoteca, un Aparcadoiro Público e un Gran Boulevard

VIVENDA PÚBLICA

Dende o futuro Goberno de Ourense realizaremos a xestión municipal necesaria para desenvolver un **Plan de Vivenda Pública**, que deberá pór no mercado **500 vivendas de Protección Autónoma** neste barrio nun período de 4 anos.

REMODELACIÓN CAMPO DA FEIRA

O Grupo Municipal Socialista realizará unha actuación cos seguintes obxectivos:

- Traslado do Matadoiro Municipal
- Reordenamento do Parque de Bombeiros
- Coordinación de novos equipamentos con criterios de recuperación ambiental, accesibilidade ó río e aparcadoiros.
- Potenciación da zona como espazo destinado a festas e feiras.

OUTROS PROXECTOS

- ❖ Centro Administrativo Municipal da Ponte-Vinteún.
- ❖ Centro Cívico e Social da Ponte-Vinteún.
- ❖ Centro de Saúde no Vinteún, que completaría o xa existente na Ponte

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL E LUDOTECA



A primeira escola infantil da rede de garderías municipais será neste barrio

Os cativos ourensáns, o futuro da nosa cidade, precisan dos mellores cuidados e instalacións para a súa socialización. Por iso, o candidato socialista á Alcaldía de Ourense aposta pola creación dunha rede municipal de garderías.

A Escola Infantil para A Ponte, que xa propuxo no Pleno o Grupo Municipal Socialista a través dunha **Moción**, estará situada **nunha casa de RENFE ó final da Avenida de Marín**. O centro contará aproximadamente con **600 m2** e acollerá a nen@s de entre **0 e 3 anos**, con **4 unidades, servizo comedor e un parque infantil exterior**.

UN APARCADOIRO



O centro neuráxico do barrio acollerá este proxecto

A Ponte convertiuse nos últimos anos nun importante núcleo urbano, e de xestión para os cidadáns do Distrito Norte. Son moitos os veciños que utilizan os servizos deste barrio. As ringleiras de coches en dobre fila, ou as dificultades para o aparcamento fan necesario pensar nun aparcadoiro, co obxectivo de desconxestionar a zona para unha mellor convivencia. O PSdeG-PSOE ten previsto construír neste barrio un **aparcadoiro soterrado, debaixo da Praza de Abastos e nos aledaños das rúas do Mercado, Xeneral Aranda e Avda. das Caldas**. Este aparcadoiro contará cunha superficie de 4.000 m2 en dúas prantas e acollerá un total de 200 prazas.

BOULEVARD DE A PONTE



Un túnel liberará ó barrio de A Ponte do tráfico

Francisco Rodríguez pretende embelecer este barrio, que é a porta natural de entrada á cidade, construíndo un gran boulevard comercial na Av. de Santiago. Para iso, pretende **desviar o tráfico a través dun túnel pola Av. de Santiago, a parte de arriba quedaría como un boulevard e zona comercial con soamente dous carrís de circulación para o casco urbano, irá acompañado de zonas verdes, paseos, con cafeterías, e zonas de esparramento**. Esta importante obra precisará dunha gran dotación orzamentaria, da axuda do Ministerio de Fomento e a Consellería de Política Territorial, e de dúas lexislaturas para o seu desenvolvemento



OFICINA DO CANDIDATO

O Presidente da Xunta de Galicia respalda a candidatura socialista á Alcaldía de Ourense

Emilio Pérez Touriño, Francisco Rodríguez e os integrantes da súa candidatura reuníronse na Oficina do Candidato

O Presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, aproveitou a súa visita a Ourense o día 22 de febreiro para visitar a Oficina do Candidato e reunirse con Francisco Rodríguez e os 13 membros do seu equipo electoral para as municipais de maio.

O candidato socialista á Alcaldía de Ourense reafirmouse na necesidade de cambio para a cidade de Ourense, tras 12 anos de goberno do PP, e mostrou o seu convencemento de que “a súa candidatura está plenamente cualificada e é o suficientemente solvente para tomar as rendas e encamiñar o rumbo desta nosa cidade”.

Por outra banda, aproveitou para recordar cales van a ser os eixos prioritarios sobre os que se forxará o seu programa político, que serán: “un urbanismo legal, a creación de emprego e solo industrial, a creación de vivenda pública, a dotación de equipamentos e servizos para os barrios e o proxecto de converter Ourense en Estación Central de Galicia coa chegada do AVE”.

Finalmente, Francisco Rodríguez quixo pedirlle ó Presidente a axuda necesaria para xestionar a recuperación do edificio do Banco de España para a cidade,



Francisco Rodríguez xunto co Presidente da Xunta e os membros da súa lista electoral

o cal considera “que é unha gran demanda cultural e patrimonial de Ourense xa que se trata dun dos nosos edificios máis emblemáticos”.

Touriño, que acudiu a Ourense para inaugurar unha nova iniciativa empresarial que creará 200 empregos, manifestou que a proposta liderada por Francisco Rodríguez e o seu equipo representan “o proxecto de progreso, renovación e transformación para unha cidade chamada a liderar o reequilibrio de Galicia”.

Ademais de manifestar o Presidente o seu apoio incondicional á candidatura de Francisco Rodríguez, realizou unha chamada a converter o eixo Ourense-Vigo nun foco económico para o desenvolvemento da cidade e ratificou a súa colaboración no proxecto socialista de recuperación do antigo edificio do Banco de España.



BARRIO A BARRIO

O candidato socialista solicita a través dunha moción a creación dun centro educativo en Barrocás-Os Rosales

Francisco Rodríguez reuniuse cos veciños para facerlles chegar a iniciativa do seu partido

O Grupo Municipal Socialista solicitará a través dunha moción no pleno do venres día 2 de marzo a creación dun Centro Educativo Público na zona de Barrocás-Os Rosales.

Nesta moción solicitarase ó Concello de Ourense iniciar ó trámite para a cesión dunha parcela de 7.887 m2, situada no Sector A-6 e catalogada como equipamento no PXOM, á Consellería de Educación para axilizar a construción deste Centro de Educación Primaria.

Con este proxecto o partido socialista quere solventar o déficit insostible de servizos e equipamentos públicos que están a sufrir os barrios ourensáns: "A área de Barrocás-Os Rosales é unha das zonas que máis desenvolvemento urbano e crecemento poboacional está tendo nos últimos anos. Este crecemento, en cambio, non foi acompañado pola mellora de servizos municipais básicos como o transporte público ou a limpeza de lixo; nin pola creación de novas infraestruturas e equipamentos que permitan ós veciños desta puxante zona de Ourense disfrutar do mesmo nivel de servizos públicos que as zonas favorecidas pola política municipal do Partido Popular" explicou Francisco Rodríguez.



Os veciños de Barrocás-Os Rosales-O Pombeiro na reunión co candidato socialista

Entre as carencias acumuladas pola área de Barrocás-Os Rosales-O Pombeiro, destaca o escaso número de centros escolares públicos, que contrasta co incremento poboacional experimentado e cas previsións de seguir incrementando residentes nos próximos anos, sobre todo parellas xóvenes. Francisco Rodríguez engade que "esta situación xenera preocupación e incertidume entre os ppais e nais, non só de cara ó futuro senón mesmo no presente, porque, xa na actualidade, as necesidades de escolarización da área non se

cubren ca oferta educativa pública existente".

O candidato socialista aproveitou a visita a este barrio para recoller tamén outras peticións e necesidades coas que se atopan os veciños, que durante estes últimos 12 anos de goberno popular ficaron no olvido.



OFICINA DO CANDIDATO

Francisco Rodríguez anuncia a creación dunha Empresa Municipal de Urbanismo dentro do seu programa electoral

A nova empresa ofrecerá unha xestión profesional e transparente do urbanismo para Ourense

O Grupo Municipal Socialista de Ourense incorporará no seu programa electoral a creación dunha Empresa Municipal de Urbanismo, Vivenda e Solo, que apostará por xestionar solo, impulsar vivenda pública e incorporar ó Concello unha xestión profesional e transparente do urbanismo en Ourense, tal e como presentou Francisco Rodríguez o día 1 de marzo.

Esta empresa municipal terá coma obxectivo a execución das actuacións urbanísticas e de construción necesarias para o interese público de Ourense e dos seus cidadáns. "Trátase de xestionar con maior eficacia o solo desta cidade, así como de axilizar os proxectos de tramitación, traballando man con man coas empresas de construción, coas promotoras, cos profesionais, e sobre todo cos veciños", explica o candidato socialista á alcaldía de Ourense, Francisco Rodríguez. Este proxecto, polo que apostan os socialistas no seu programa electoral para os vindeiros comicios, xa figuraba no noso programa político do 2003: "A Empresa Municipal de Urbanismo, Vivenda e Solo será un instrumento de xestión urbanística municipal similar ó que teñen case douscentos dos máis importantes municipios de toda España, e boa parte das principais cidades de Galicia, a excepción de Vigo, Ourense e Pontevedra".

Esta iniciativa permitirá abordar a **rehabilitación, remodelación, dotación de servizos, instalacións e equipamentos públicos ós barrios, actuacións urbanísticas e de construción, redacción de plans parciais,**



O candidato socialista xunto coa concelleira de Urbanismo na presentación do proxecto

actuacións de planeamento, así como crear solo urbano para uso residencial, terciario e industrial, impulsar vivenda pública e xestionar o aproveitamento urbanístico e o patrimonio municipal do solo.

Para poder desenvolver este proxecto contarase cun nutrido grupo de profesionais do sector, entre os que se atoparán arquitectos, enxeñeiros, apareladores, etc., vinculados laboralmente á nova empresa.

Francisco Rodríguez promoverá a constitución desta empresa, de capital público na súa totalidade, nos primeiros meses da vindeira lexislatura municipal. O primeiro obxectivo é a **creación do 20% de vivenda de protección autonómica** en cada un dos desenvolvementos urbanísticos, tal e

como esixe a Lei do Solo e o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ourense (PXOM). O longo dos catro anos da lexislatura, o Partido Socialista compromete a creación de, cando menos, **500 vivendas públicas en cada un dos distritos** Norte, Este e Oeste, nas zonas da Universidade, da Universidade Laboral, no Casco Vello, A Ponte-Vinteún, O Couto-Carballeira, San Francisco- Barrocás, e Mariñamansa.

Respecto ó solo industrial, o Partido Socialista incluírá no seu programa o desenvolvemento inmediato, mediante xestión municipal, do **polígono de Santa Mariña**, onde o PXOM prevé a creación de 900 mil m2 de solo industrial.



EN CLAVE POLÍTICA



Os veciños do barrio da Ponte no transcurso da conferencia



María Xosé Caride manifestou o seu apoio ó candidato á Alcaldía de Ourense



Emilio Pérez Touriño mostrou o seu firme apoio á candidatura presentada por Francisco Rodríguez



Os integrantes da candidatura socialista xunto a Francisco Rodríguez e ó Presidente da Xunta



Presentación da construción dun novo centro educativo na zona de Barrocás-Os Rosales



O Grupo Municipal Socialista presentou a creación da Empresa Municipal de Urbanismo, Vivenda e Solo de Ourense



OFICINA DO CANDIDATO

REVISTA DE PRENSA

8 — OURENSE — La Región
Jueves, 15 de febrero de 2007

María José Caride señala la estación Empalme como el lugar idóneo para el AVE ourensano

Francisco Rodríguez proyecta para A Ponte vivienda pública, escuela infantil y un aparcamiento

● El socialista Francisco Rodríguez presentó, arropado por la consejera María José Caride, su proyecto para A Ponte: sede del AVE, vivienda pública, escuela infantil, aparcamiento subterráneo... Caride alabó la ubicación de la estación Empalme.

OURENSE • I.R.

Encuentro informativo y lleno de planes de futuro. La consejera de Política Territorial, María José Caride, y el candidato a la alcaldía de Ourense por el PSOE, Francisco Rodríguez, se citaron ayer con los pontinos para hacer públicas las líneas maestras de actuación en el barrio que el socialista recoge en su programa electoral, así como la situación de las infraestructuras en Ourense.

Francisco Rodríguez mostró sus aspiraciones de impulsar "con proyectos importantes" la zona "como pontino e enamorado do barrio que son", indicó. Fijó en la estación Empalme la sede del AVE en Ourense, desarrollar un Plan de Vivienda Pública (500 casas), remodelar el campo de la feria, crear una escuela infantil municipal y ludoteca (en una casa de Rente), un aparcamiento subterráneo bajo la Praza de Abastos e impulsar un vial boulevard en la Avenida de Santiago, son algunas de sus prioridades para A Ponte.

Francisco Rodríguez hizo especial mención al AVE, situando A Ponte como "centro estratégico de Alta Velocidade". También la consejera destacó esta infraestructura y aseguró que "Ourense será a porta de entrada do ferrocarril en Galicia". Asimismo, alabó la privilegiada ubicación de la estación Empalme "nun lugar central".

OTROS PROYECTOS

- Los socialistas ourensanos han elaborado un boletín informativo con el programa del partido para el barrio de A Ponte.
- Entre esas expectativas están un centro administrativo municipal par A Ponte-O Vintén, un Centro cívico y social para ambas zonas, y un Centro de Salud en O Vintén, para completar el ya existente en A Ponte.

BALANCE

▶ Autopistas, vías y circunvalaciones

La responsable de la Consejería de Política Territorial, María José Caride, explicó que su departamento está trabajando actualmente en el tramo de la autopista Santiago-Ourense, entre Dozón y la ciudad, y que está haciendo un "gran esfuerzo" para completar la circunvalación de Ourense, con la previsión de que este año se inicie la parte Rairo-Benposta (2,8 millones de euros). Caride también hizo mención a la obras del Tren de Alta Velocidade, que ejecuta el Ministerio de Fomento, y que, según las previsiones, será una realidad en cinco o seis años.

María José Caride y Francisco Rodríguez, en el encuentro en A Ponte.

La Región,
15 de Febreiro de 2007

15 JUEVES, 15 DE FEBRERO DEL 2007

La consejera de Política Territorial cree que dinamizará la ciudad

Caride dice que el AVE será una realidad en cinco o seis años

Francisco Rodríguez prometió en A Ponte construir 500 viviendas públicas y un aparcamiento

LA VOZ | OURENSE

● La consejera de Política Territorial, María José Caride, aseguró que la llegada de la alta velocidad a Ourense será una realidad en cinco o seis años. Así lo anunció durante un acto del grupo municipal socialista en el barrio de A Ponte. «A chegada do AVE a Ourense e, en concreto A Ponte, dinamizará económica e socialmente un dos nosos barrios», señaló la responsable de Política Territorial.

María José Caride realizó un rápido repaso sobre la situación de las infraestructuras en Ourense. Hizo referencia a la autopista a Santiago que, en estos momentos, tiene en fase de ejecución el tramo comprendido entre Dozón y la ciudad con un presupuesto de 97,8 millones de euros. Durante el encuentro con los vecinos de A Ponte avanzó con la intención del gobierno autonómico de completar lo antes posible la circunvalación Este. «Este año está previsto iniciar o

Caride arropando al candidato Francisco Rodríguez, en A Ponte

trito Rairo- Benposta, para completar co Benposta- N-225 a unión ca A-52 para canalizar o tráfico procedente desta auto-vía por fóra do casco urbano», aseguró.

Líneas maestras

El candidato del PSOE a la alcaldía, Francisco Rodríguez, aprovechó su visita al barrio pontino para avanzar las líneas maestras del programa electoral en esta zona de la capital. Entre las propuestas socialistas para A Ponte subrayó la construcción de 500 pisos de protección autonómica, la remodelación del campo de la feria, la creación de una escuela infantil y ludoteca, que se integrará dentro de la red municipal de guardería en los diferentes barrios de Ourense, un aparcamiento en el centro del barrio y un gran paseo con una zona comercial, verde y con áreas de esparcimiento. «Como home de barrio apostaremos por unha renovación dos nosos barrios», señaló Francisco Rodríguez durante su intervención.

La Voz de Galicia,
15 de Febreiro de 2007

OURENSE 9

El PSOE anuncia una escuela infantil y 500 pisos protegidos para A Ponte

La consejera de Política Territorial y el candidato a la Alcaldía de Ourense, avanzaron ayer las líneas de su programa electoral para el barrio

Redacción | OURENSE

La consejera de Política Territorial, María José Caride mantuvo ayer una reunión en la asociación vecinal de A Ponte con vecinos y colectivos de la zona, para acompañar y respaldar al candidato del PSOE a la alcaldía de Ourense, Francisco Rodríguez, quien avanzó parte del programa electoral que tienen para el barrio, que incluye, entre otros proyectos, una escuela infantil, 500 pisos protegidos, un gran boulevard y estacionamientos subterráneos.

Fueron algunos de los compromisos adquiridos por el candidato socialista, quien recordó que "A Ponte es uno de los barrios más importantes de nuestra ciudad, tiene una importante historia vinculada al ferrocarril, y la llegada del AVE, concretamente a este barrio, lo dinamizará económica y socialmente".

Las propuestas del programa socialista, más ampliadas en un boletín que el candidato entregó a los asistentes al acto, incluyen además la remodelación del campo de la feria, zonas verdes y de paseo y un área comercial. "Como hombre de barrio, donde se desarrolla la mayor parte de la vida de los ciudadanos, apostaremos por una regeneración de los mismos y una ampliación de sus servicios", adelantó Francisco Rodríguez.

Por su parte la consejera hizo a los vecinos promesas aún más audaces, teniendo en cuenta su radio de acción, y aseguró que la consejería que preside tiene previsto iniciar ese año el tramo Rairo-Benposta de la circunvalación de Ourense, con un presupuesto de 2,8 millones, y que está en fase de ejecución el tramo de la autopista a Santiago entre Dozón y Ourense, con un presupuesto de 97,8 millones.

Aprovechó además para hablar de las obras de la Alta Velocidad, el AVE, que ejecuta en estos momentos Fomento "y que convertirá a Ourense en nudo de entrada", señaló.

La consejera y el candidato a alcalde, ayer en A Ponte. / J. DOGAMPO

Faro de Ourense,
15 de Febreiro de 2007





OFICINA DO CANDIDATO

18 AVEJES, 22 DE FEBRERO DEL 2007

El presidente de la Xunta quiere hacer de la ciudad el eje vertebrador del interior gallego

Touriño asegura que Ourense será la «gran plataforma do AVE en Galicia»

El futuro de la tercera urbe de la comunidad pasa por la innovación y las infraestructuras



Touriño aprovechó su visita a Ourense para respaldar la candidatura que lidera Francisco Rodríguez

LA VOZ | OURENSE
El líder del PSDG-PSOE, Emilio Pérez Touriño, está convencido de que Ourense tiene por delante un futuro esperanzador que pasa por liderar políticas decididas y activas en materia de empleo, vivienda y transporte público, infraestructuras, para asumir su papel de tercera ciudad de Galicia y eje vertebrador del interior de la comunidad. El presidente de la Xunta viajaba ayer a Ourense para presentar una iniciativa empresarial de vanguardia que creará 200 empleos «de media e alta cualificación» en la Tecnópolis y aprovechó la ocasión para visitar las instalaciones donde el PSOE de la ciudad ha montado su equipo de campaña y para hacerse la foto en compañía.

El cambio que los socialistas propugnan para la ciudad y apostó por el eje Ourense-Vigo para relanzar el sur de Galicia y liderar el reequilibrio territorial.

El plan de reequilibrio territorial 2007-2013 tendrá 1.000 millones

La Xunta apuesta de forma decidida por la discriminación positiva y activa a favor del interior de Galicia. El plan de reequilibrio territorial, anunciado por el presidente de la Xunta, Emilio Pérez Touriño, en un momento de la visita a Ourense, prevé un presupuesto de 1.000 millones de euros para el periodo 2007-2013. El presidente eludió dar una cifra definitiva al ser un proyecto que aún no ha sido cerrado.

La Xunta realizará una «potente inyección de recursos, nun nesto derivado da xustiza histórica, para crear moitos máis postos de traballo e incentivar o emprego. Inos convertir o eixo Ourense-Vigo nun espazo economicamente viable e atractivo».

Rodríguez apeló a la sensibilidad del presidente de la Xunta para gestionar en Madrid la recuperación del edificio del antiguo Banco de España para la ciudad, en lugar de dedicarlo al catastro. Emilio Pérez Touriño se comprometió a liderar ante el Gobierno central esta reivindicación por considerar que el patrimonio y el legado cultural de Ourense avalan esta demanda.

RELACIONES INSTITUCIONALES |

Baltar sigue esperando a que lo reciba y el PP lleva el caso al Parlamento gallego

Touriño aprovechaba su estancia en Ourense para desplazarse hasta el centro de la ciudad y conocer las instalaciones de campaña del PSOE para las municipales. El equipo que lidera el candidato Francisco Rodríguez ha alquilado unos locales en un entresuelo de la calle Progreso —junto a las Galerías Proylem—, a menos de cincuenta metros de la Diputación de Ourense. Como acontecía en las últimas visitas del presidente de la Xunta a la ciudad, entre otras en el encuentro con inmigrantes celebrado en el aula de cultura de Caixa Galicia, Touriño obviaba las demandas reiteradas del presidente de la Diputación ourensana para mantener un encuentro

con el titular del Ejecutivo gallego para plantearle los proyectos prioritarios para la provincia. Baltar Pumar ha manifestado en más de una ocasión su malestar por el trato que le dispensa Emilio Pérez Touriño y por el hecho de no tomar en consideración, desde septiembre de 2005, su petición para mantener una entrevista con el presidente de la Xunta.

Pregunta parlamentaria
Precisamente ayer se anunciaba por parte del PP una iniciativa al respecto en el Parlamento de Galicia. Varios diputados del PP por Ourense, entre ellos Baltar Blanco —responsable de Organización del partido en la provincia—, suscribirán una pregunta a

Emilio Pérez Touriño en la que se emplaza al presidente de la Xunta a que aclare por qué no ha atendido, después de 17 meses, la solicitud de audiencia del presidente ourensano, si es consciente «do reiterado pedimento de entrevista por parte do máximo representante da institución de goberno provincial?», si cree que está a practicar co exemplo os grandes principios e as frases grandilocuentes, de boas intencións, que figuran no acordo de goberno bipartito?, cuántas veces máis deberá pedir audiencia Baltar para que lo reciba Touriño y si cree —el presidente de la Xunta— «que no ano 2007 atopará un momento na súa apretadísima axenda para manter ese encontro?».

El tren, decisivo
En esta línea enmarcó el presidente de la Xunta la llegada del AVE a la ciudad. Según Touriño la entrada del tren de alta velocidad será decisiva para Ourense y transformará la ciudad «na plataforma da entrada e saída do AVE en Galicia». Se refirió a la reciente entrevista con Zapatero para reafirmarse en los compromisos del AVE a Galicia y avanzó que estas actuaciones se complementarán con las autovías y conexiones con «Lugo e Santiago e coa creación de solo industrial».

El candidato del PSOE a la Alcaldía de Ourense, Francisco Rodríguez, se refirió a Touriño como el garante de lo que será

FARO DE VIGO
Jueves, 1 de marzo de 2007



El candidato a la Alcaldía de Ourense, Francisco Rodríguez, ayer durante la presentación de la página web del PSOE provincial. / ANARI OSORIO

El PSOE estrena página web para mantener informados a sus militantes y simpatizantes

Redacción | OURENSE
El correspondiente saludó del edil y candidato del PSOE a la Alcaldía de Ourense, se informa a los internautas, de todas las citas electorales, presentación de candidatos y la composición de las distintas corporaciones, así como enlaces con otras organizaciones socialistas. La dirección es "www.ourensocialista.org".

El PSOE de Ourense ha recurrido a las nuevas tecnologías para mantener contacto permanente con sus militantes y simpatizantes, y ayer presentó en sociedad la nueva página web provincial del partido, elaborada por Eladio Gómez, en la que, tras

La Voz de Galicia,
1 de Marzo de 2007

La Voz de Galicia,
22 de Febreiro de 2007





OFICINA DO CANDIDATO

Más aulas escolares en Barrocás

Un nuevo centro educativo público de Primaria en la zona de Barrocás-Os Rosales. Esta petición conformará una moción que el grupo municipal socialista presentará en el pleno de mañana, por la que solicitará al Concello de Ourense la cesión a la Consellería de Educación de una parcela de 7.887 metros cuadrados, catalogada como equipamiento en el PXOM.

Con este proyecto, que el portavoz municipal socialista, Francisco Rodríguez, presentó ayer a los vecinos de Barrocás-Os Rosales, el PSOE quiere solventar el déficit de servicios y equipamientos públicos de los barrios ourensanos. Tal y como apuntó Rodríguez, "a área de Barrocás-Os Rosales é unha das



Francisco Rodríguez conversa con los vecinos de Barrocás.

zonas que máis crecemento urbano e poboacional está tendo nos últimos anos, pero non estivo acompañado pola mellora de servicios municipais básicos". Según los socialistas, las

necesidades de escolarización en este área no se están cubriendo con la oferta educativa existente, motivo por el que urgen la construcción de un nuevo colegio.

L4 | Ourense

El PSOE urge al gobierno local la construcción de un colegio público en Barrocás

LA VOZ | OURENSE

El grupo municipal socialista demandará en el pleno de este viernes al Concello de Ourense que ceda a la Xunta de Galicia una parcela de cerca de ocho mil metros cuadrados en el barrio de Barrocás para construir un nuevo centro público de enseñanza primaria.

Con este proyecto en el área de Barrocás y Os Rosales, el grupo socialista considera que se comenzaría a solucionar el déficit de servicios y equipamientos públicos de los barrios. El candidato socialista a la alcaldía de Ourense, Francisco Rodríguez explicó: «Esta área é unha das zonas que máis desenvolvemento urbano e crecemento poboacional está tendo nos últimos anos. Este crecemento, en cambio, non foi acompañado pola mellora de servicios municipais básicos como sucedeu en zonas favorecidas pola política municipal do Partido Popular».

Página web

Los socialistas presentaron ayer la página web en la que se centran todos los contenidos referidos a las elecciones municipales en la provincia: candidaturas de los municipios, espacio destacado para la alternativa ourensana y los actos de Francisco Rodríguez, enlaces a sitios de interés vinculados al PSOE y otros datos de interés.

Paco Rodríguez, Miguel Fidalgo y Lalo Rosales presentaron la página www.ourensesocialista.org en la sede socialista.

La Voz de Galicia,
1 de Marzo de 2007

6 OURENSE

El PSOE creará una empresa municipal de urbanismo

Francisco Rodríguez dice que el objetivo es gestionar suelo e impulsar la construcción de vivienda pública

V. Rodríguez | OURENSE

El portavoz del grupo municipal socialista y candidato a la alcaldía de Ourense, Francisco Rodríguez, anunció ayer que propondrá la creación de una Empresa Municipal de Urbanismo, Vivienda y Suelo. Aseguró que se trata de una apuesta por gestionar suelo, impulsar vivienda pública e incorporar en el concello una gestión profesional y transparente del urbanismo, con la intención de "superar la gestión oscurantista del PP" al que reprocha que en los doce años de gobierno no crease una sola vivienda pública, así como ni un metro cuadrado de suelo industrial.

De gobernar los socialistas, uno de los primeros objetivos de la empresa, que tendría capital público en su totalidad, en la creación del 20 por ciento de vivienda de protección autonómica en cada uno de los desarrollos urbanísticos, como exige la ley de Solo y el vigente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ourense (PXOM). Además, Rodríguez adelantó que a lo largo de los próximos cuatro años, y en función de la demanda, la creación de vivienda pública podría superar el 30 por ciento. Y asumió el compromiso de crear, cuando menos, 500 viviendas públicas en cada uno de los distritos: Norte, Este y Oeste, en las zonas de la Universidad, en la Universidad Laboral, en el Casco Vello, A Ponte-Vieira, O



Aurea Solo y Francisco Rodríguez, ayer en la presentación de la futura empresa municipal de urbanismo. | AVO OURENSE

Coosto-Carballreira, San Francisco-Barrocás, y Martiñánsa.

En cuanto al suelo residencial, manifestó la disposición de los socialistas a "colaborar estrechamente" con el sector de la construcción, que dijo tener una especial importancia en Ourense, así como con los promotores, para conseguir que en cada polígono residencial, se

cumpla lo que establece la Ley de Solo y que "nunca se cumplió en la ciudad".

Por lo que se refiere al suelo industrial, Francisco Rodríguez destacó el desarrollo inmediato, mediante gestión municipal, del polígono de Santa María, donde el Plan General prevé la creación de 900.000 metros cuadrados de suelo industrial.

Un modelo diferente al que quiere crear la Diputación

Respecto a la posible competencia entre la empresa municipal de urbanismo que proponen los socialistas con la que quiere crear la Diputación, que coinciden en la gestión de suelo industrial y residencial, Rodríguez, que estuvo acompañado por la concejal responsable en materia de urbanismo, Aurea Solo, dijo que el modelo de funcionamiento de ambas "es totalmente diferente".

Y destacó que la principal diferencia entre la empresa municipal y la que anuncia la Diputación, es en la "transparencia en la selección de los trabajadores públicos, y tendrá una auténtica voluntad de gestión", como ocurre en las empresas que existen en otros 108 ciudades españolas que apostaron en su momento por este tipo de iniciativa.

La Región,
1 de Marzo de 2007

Faro de Ourense,
2 de Marzo de 2007

